



As orixes: O MPLugo no Pazo de San Marcos (1932- 1956)

(Homenaxe do MPLugo ás persoas e entidades que o fixeron posible)

O MPLugo foi creado en 1932 e abriu ao público o 10 de xaneiro de 1934 nas dependencias do Pazo de San Marcos (sede da Deputación Provincial), edificio no que vai permanecer ata 1957.

Neste período o MPLugo recibe as aportacións de 361 doadores, dos que 18 son organismos públicos de carácter local ou estatal, e os 343 restantes son persoas na inmensa maioría pero tamén algunhas entidades privadas. Uns e outros contribuíron decisivamente á creación, mantemento e consolidación deste museo pois dos 2.021 asentos que constan no libro de rexistro neste período, 1.110 corresponden a depósitos e doazóns, e os 858 restantes a adquisicións.

Desde 1932 a 1957 chegan ao museo por doazón ou en calidade de depósito indefinido todo tipo de obxectos arqueolóxicos, decorativos, artísticos, documentais, históricos, e ata persoais, o que nos permite deducir que a sociedade lucense das décadas dos 30 e 40 foi, a pesar de seren algúns deste anos moi tristes, moi xenerosa con esta institución.

Non é casualidade que os anos que se rexistran máis doazóns sexan precisamente os posteriores á creación do Museo, e que este impulso, logo dos anos de guerra e posguerra, se recupere a partir de 1950. O ano 1939 con só 10 doazóns foi, por razóns que é doado supoñer, o peor de toda historia do Museo.

Entre este primeiros benfeitores están precisamente o primeiro director, Luis López Martí, e o seu sucesor na dirección e gran promotor do Museo, Manuel Vázquez Seijas.

A eles súmanse con entusiasmo moitas persoas, algunhas vencelladas á institución desde os primeiros momentos a través da Xunta Rectora ou desde a Deputación Provincial, xunto a filántropos entres os que é obrigado mencionar a Manuel Pardo Baliña, Alfredo Vila, Álvaro Gil Varela, Juan López Suárez "Xan de Forcados", Francisco Donapetry, José Trapero Pardo ou Antonio Méndez Casal, neste caso coa dobre condición de doador pero, sobre todo, como xestor dos importantes depósitos de pintura e escultura traídos a Lugo desde o Museo de Arte Moderna de Madrid.

En menor proporción en número e intensidade tamén figuran na listaxe de agradecementos deste Museo os escritores Álvaro Cunqueiro, Primitivo Sanjurjo e Luis Pimentel, o profesor e etnógrafo Antonio Fraguas, os pintores Luis Gómez Pacios e Armando Suárez Couto, o pedagogo e xornalista Ramón Salgado Toimil e o arqueólogo Manuel Chamoso Lamas.

Vanse conformando así, grazas a estes persoeiros e a outros moitos, as importantes coleccións de restos arqueolóxicos procedentes de diversos castros da provincia de Lugo como Barán (Paradela), Penarrubia (Lugo), Bendilló (Quiroga), San Simón da Costa (Vilalba), a de epigrafía e escultura romanas, a de elementos arquitectónicos de diversas épocas, a de escultura funeraria ou as coleccións de numismática, acibeches, medallística, imaxinería e heráldica.

Sobrancean por número e importancia as pezas de louza fabricadas en Sargadelos no S. XIX, ademais de diversos obxectos e documentación procedentes da fábrica de fundición deste importante centro industrial.

Outras moitas achegas como as de armas e instrumentos musicais, abanos, mobiliario de diverso tipo, ourivería popular e outras tamén chegan agora ás vitrinas do Museo.

Son así mesmo desta época as principais coleccións de pintura e escultura depositadas polo Ministerio de Educación procedentes do Museo do Prado, e as doazóns de particulares que enriqueceron este Museo con obras da autoría de importantes pintores galegos como Dionisio Fierros, Leopoldo Villamil, Julia Minguillón, Manuel López Monteserín e Xesús Corredoira, entre outros.

Tamén chega ao Museo neste período, e por vontade de Ángel Durán Cao, a gran maioría dos utensilios de interese etnográfico que hoxe se expoñen na antiga cociña conventual.

A Biblioteca do Museo tamén se beneficiou das achegas recibidas neste período como un *Diario de Operacións da primeira Guerra carlista* do ano 1836, doado por José M^a Díaz Sanjurjo, unha Bula do Papa Inocencio X, datada en 1650, así como diversas coleccións, entre elas a de varios exemplares do xornal "La Voz de la Verdad" de Lugo de entre os anos 1927 e 1936, e outros importantes documentos bibliográficos de relevancia para o coñecemento do noso pasado.

A partir do ano 1957 o Museo Provincial de Lugo muda de casa, máis como se pode comprobar, non vai botar de menos o cariño nin o favor dos lucenses.

Doantes (1932-1956)

Abeijón Veloso, José	Boado Borda, Aurelio
Abrairo, Valeriano	Boo Pardo, José
Abuín Arias, Jesús	Boo Pita, Pedro
Abuín Arias, José	Bouzón Figueroa, Juan
Agra Varela, José	Bravo, Estrella
Agrelo, José María	Cabreros de la Barrera, José
Aguilera, Manuel	Calvo, Martín
Aldariz Sandoy, Jesús	Campos, José
Alonso Hortas, Celestino	Canabal, Antonio
Alonso Hortas, Germán (e familia)	Cao Riguera, Alfredo
Álvarez Alonso, Hermengadio	Carballeiras, Abelardo
Álvarez López, Celestino	Carballeiras, María
Álvarez Rodríguez, Luís	Carballo Gesteira, Julio
Álvarez, Dositeo	Carracedo, Manuel
Andión Basanta, Antonio	Carreira, Manuel
Arias Doval, Celsa	Castro Fernández, Alejandro
Arias Vázquez, Carlos	Castro Figueira, José
Arriaga, Félix	Castro Gil, Luís
Asla, Agustín	Castro López, José
Asorey Segoud, José María	Centro Obrero de Lugo
Baamonde, Carmen	Círculo de las Artes
Basadre Lázare, Ángel	Comisario Provincial de Excavacións
Basanta, Justo	Comisión Nacional de Escena
Bedra, Cecilio	Comisión Provincial de Monumentos de Lugo
Beltrán, José	Concello de Castroverde
Bello Torrón, José	Concello de Lugo
Bértolo Viéitez, Constantino	Concello de Mondoñedo
Bértolo Viéitez, José	Concello de Monforte de Lemos
Blanco Darriba, Paz	Conde, Constantino
Blanco Nuñez, J.	Cora Sabater, Antonio
Blandío, Abel	Correa Álvarez, Enrique
Blas Ferreiro, Alberto	

Correa Calderón, Isaac
Correa, Enrique
Costa Figueiras, José
Costas Lombardía, Enrique
Crespo, Manuel
Cuerpo Facultativo de Archiveros,
Bibliotecarios y Arqueólogos
Cuervo Cortés, José
Cunqueiro Mora, Álvaro
Cura párroco de Recelle
(Portomarín)
Darriba Varela, José
Delgado Paz, Abelardo
Deputación Provincial de Lugo
Devesa Martínez, Secundino
Díaz Candal, José
Díaz Rodríguez, Constantino
Díaz Sanjurjo, José María
Díaz Sanjurjo, Manuel
Donapetry, Francisco P.
Durán Cao, Ángel
Eiroa, Julio
Engobras Saco, Américo
Estévez Rodríguez, Asunción
Estévez Rodríguez, Leonor
Expósito Rodríguez, Victoriano
Farré, Ramón
Fernández Bouzas, Darío
Fernández Caballa, Trinidad
Fernández Carral, Amador
Fernández Castro, Alejandro
Fernández Díaz, Camilo
Fernández Fernández, Emilio
Fernández Franco, José
Fernández López, Antonio
Fernández López, Jesús
Fernández Marqués, Manuel
Fernández Ramudo, José María
Fernández Valiña, Andrés
Fernández Vázquez-Pimentel, José
Fernández Vázquez-Pimentel, Luís
Fernández, Concepción.
Fernández, Daniel
Fernández, Emilio
Fernández, Jesús
Fernández, Manuel M^a
Fernández, Rafael
Ferrandis Segura, Francisco
Ferreiro Álvarez (Sres. de)
Fierros Carreira, Antonia (Vva. de
Dionisio Fierros)
Figueroa Mosteiro, Manuel
Flores, Domingo Antonio
Fontán, Matilde
Fontecha, Manuel
Fontecha, Ramón
Galdo López, Juan
Galdo, Teresa
Galdo, Tomás
García Abuín, Ramón
García Armerón, Alejandro
García Blanco, José
García Blanco, Manuel
García Murga, Jaime
García Prado, Ramón
García Sobrino, Horacio
García Teijeiro, Miguel
Gay, Daniel
Gayoso Carreira, Gonzalo
Gil Varela, Álvaro
Gil Varela, Emilio
Giménez Frois, Domingo
Gómez Famariño, José María
Gómez Uller, Mercedes
Gómez, José
González de Pujol, Araceli
González Méndez, Casto
González Penelas, Ángel
González Vázquez, José
González, Francisco (*Paramés*)
González, José R.
Grandío Seijas, José
Grela Franco, Francisco
Grinda, José
Guitián, Bautista
Gutiérrez Pérez, Ramona
Ibáñez Sollozo, Alejandro
Iglesias Presa, José
Iglesias, Vicente
Illada, José
Instituto Nacional de Segunda
Enseñanza de Lugo
Instituto Padre Sarmiento
Janeiro, Gabriel
Junquera, Luís
Latorre, Vicente
Ledo, Benigno
López (Casa de)
López Acuña, Antonio
López Alonso, Raimundo
López Arias, Manuel
López Campos, José
López Fernández, Ramón
López Martí, José
López Martí, Luís
López Martí, María
López Monteserín, Manuel
López Pardo, Camilo

López Pardo, Ricardo
López Pérez, Ángel
López Pérez, Ricardo
López Platero, Pedro
López Rodríguez, Ángel,
López Sánchez, Ángel
López Suárez, Juan
López Suárez, Manuel
López Vázquez, Santiago
López, Camilo
López, Ramiro
López, Ramón
López, Santiago
Lorenzo, Sergio
Losada López, Manuel
Losada, Angela
Luaces Guitián, Pedro
Luaces, Joaquín
Luengo, José María
Lugilde, Manuel
Maciñeiras Darriba, Ángel
Magadán Quintela, Manuel.
Magadán, Fortunato
Magadán, Vicente
Marín Trigo, M^a Teresa
Martínez Mourelo, Antonio
Martínez Mourelo, Manuel
Martínez Mourelo, Mariano
Martínez y Martínez, Alfredo
Martínez, Severino
Mayandía, Manuel
Meijide, Juan
Meira Pedrosa, Ramón
Méndez Casal, Antonio
Méndez Casal, Vicente
Méndez Lobelle, José
Mendi, Sebastián
Minguillón Iglesias, Julia
Ministerio de Educación Nacional
Ministro de Marina
Miragalla, Santiago
Montenegro Neira, Ramón
Montenegro Soto, José María
Montero Losada (Familia)
Mourelo, Micaela
Mourín López, Fructuoso
Muñoz, José Ramón
Museo Histórico Nacional
Museo Nacional de Arte Moderno
(actual Museo Reina Sofía)
Museo Naval
Museo Provincial de Bellas Artes de A
Coruña
Navarro, Cipriano

Naya, Juan
Neira López, Eliseo
Neira Pedrosa, Ramón
Núñez Reguela, Julio
Núñez Soto, Arturo
Núñez, Jaime
Núñez, José Ramón
Palacios, Arturo
Palmeira, Eduardo
Páramo Mercader, César
Páramo, José
Pardo Baliña, Manuel
Pardo Becerra, Manuel.
Pardo Carballeira, Lisardo
Pardo Pallín, Manuel
Pardo Pallín, Tomás
Pardo Reguera García, Mercedes
Pardo Rodríguez, José Benito
Pardo Vila, Pablo
Pardo y Pardo, Manuel
Pardo, Gabriel
Pardo, José María
Pechosa, Roberto
Pedreira, José R.
Pedrosa López, Carlos
Pedrosa, Alejandro
Pedroso Pérez, Carlos
Penado Mourenza, Manuel
Penas Goas, Francisco
Peña, Eduardo
Pereira, Antonio
Pereira, Tomás
Pérez Carballeira, Ángel
Pérez Fernández, David
Pérez González, Ángel
Pérez Saavedra, Manuel
Pérez, David
Pérez, Jesús
Pérez, José
Pérez, Serafín
Pernas Peón, Antonio
Pintos Sánchez, Juan
Piñeiro Maseda, Jesús
Plá Zubiri, José
Pons Antelo, Avelino
Pozzi, Augusto
Prieto Carballo, Nicanor
Prieto Vázquez, Ramón
Prieto, Amalia
Puente, Orencio
Quiroga Maciá, Antonio
Quiroga, Domingo
Quiroga, Gertrudis
Racamonde, Francisco R.

Ramos Cadórniga, Francisco
Ramos Fernández, Ascensión
Ramos, Francisco
Real, Carmen
Reboredo, Esperanza
Redondo, Pedro
Rego, Odón
Regueira, Gregorio María
Reija, Francisco
Rey, Jesús
Rivas Reija, Manuel
Roca Calvo, Francisco
Roca Novo, Ángel
Rodríguez Arias, José
Rodríguez Garrido, Enrique
(herdeiros)
Rodríguez Gay, Carmen
Rodríguez López, Ángel
Rodríguez Pardo, José
Rodríguez, Antonio
Rois, Antonio
Rois, Manuel
Roldán Regal, Valentín
Ron Pardo, Antonio
Rubinos de Lois, Pedro
Sáiz Martínez, Ramiro
Salgado Toimil, Ramón
Salgado, Manuel
Sánchez Arrieta, Luís
Sánchez del Valle, Cesáreo
Sánchez Gacio, José
Sánchez Orozco, Luís
Sánchez Romero, Amadora
Sanjurjo, Primitivo
Santamaría, Carlos
Santo, Antonio
Sarceda Gayoso, José
Seijas Moure, Daniel
Seijas Prado, Luís
Seijo Seranes, Josefa
Soler, María
Solla, Sebastián
Somoza, Santiago
Souto, Cándido
Suárez Couto, Armando
Sureda Costa, Manuel
Taboada de Zúñiga, Fernando

Taboada Salgado, Manuel
Taladrid, Ana María
Taladrid, José
Tallo, Dolores
Tallo, Vicente
Trapero Pardo, José
Trigo Anseán, Manuel
Trincado, Carlos
Troncoso, Joaquín.
Ulla Gallego, Francisco
Vaamonde Lores, César
Valiña Seijas, Ramón
Valle Vázquez, José del
Varela Basabrú, José
Varela Fernández, José
Vázquez de Parga, Luís
Vázquez de Parga, Ramón (e
herdeiros)
Vázquez de Parga, Ricardo
(herdeiros)
Vázquez Fernández, Antonio
Vázquez Mourenza, Sabino
Vázquez Saco, Francisco
Vázquez Seijas, Manuel
Vázquez, Manuela
Vázquez, Ventura
Vega Barrera, Rafael
Vega Blanco (Vva.)
Veiga López, Jaime
Veigo Lage, Manuel
Vergne Rodríguez, José
Vila López, Alfredo
Vila, Manuel
Villamil y Castro, José María
Villamil, Concepción
Villamil, Leopoldo (herdeiros)
Villares Vázquez, Ramón
Viñas, José
Vizoso Garrido, Ángel
Xefatura de Obras Públicas
Xunta Provincial de Beneficencia
Yáñez Martínez, José
Yebra, Leopoldo
Yglesias Vázquez, Emilio



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO